| CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.  | Incorporar procedementos para enriquecer os textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  |    |    |
| CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.  | Revisar os textos propios e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora.   |    |    |
| CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.   | Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as seleccións lingüísticas do emisor utilizando o coñecemento da lingua.                                     |    |    |
| CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.  | Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua.  |    |    |
| CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.   | Elaborar traballos de investigación en diferentes soportes sobre diferentes temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.                    |    |    |
| CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos xéneros discursivos. | TI | 11 |



| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.   | Participar de maneira axeitada en interaccións orais informais mantendo actitudes de escoita activa e cortesía lingüística.   |           |          |
| CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e reelabora e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.                          | Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes e reelabora e comunicala adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual. |           |          |
| CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.  | Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e comunicación de información.   |           |          |
| CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal como no educativo e no social.  | Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.   |           |          |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais a partir da lectura ou fragmentos significativos.         |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de</li> </ul> |

## Contidos

- usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As noticias falsas. Valoración da forma e do contido do texto.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción, en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

## Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Desde o departamento de Lingua Galega, o principal propósito que procuramos é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas (Vázquez Freire, 1992), por iso, a nosa metodoloxía de ensino-aprendizaxe tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias e tarefas. É ben coñecido que segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, trataremos na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos (Torres Santomé, 1995). Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconceito nin na traxectoria académica do alumnado.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o/a docente manexa dous obxectivos fundamentais:

- A consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo
- O desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.:

- Comprensión oral e lectora
- A expresión oral e escrita
- A argumentación

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmillorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumnado. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas a estes/as.

Polo tanto, tentaremos conseguir o máximo axuste entre a avaliación inicial (o que xa saben), a secuencia de contidos (grao de complexidade crecente das actividades) e o seu estilo de aprendizaxe; deste xeito, estaremos conseguindo a mellor metodoloxía para facer que cada alumna/o progrese na súa aprendizaxe e que supere as súas dificultades. Empregarase unha metodoloxía activa; as explicacións teóricas serán o soporte mínimo para que o alumnado realice un amplo número de actividades.

Ademais, a metodoloxía didáctica na ESO debe fomentar a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

A relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel.

Teranse en conta os seguintes criterios metodolóxicos:

- Adecuación das actividades á madurez do alumnado nesta etapa educativa.
- Diversidade de propostas e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxes.
- Integración do aprendido a través da interdisciplinariedade.
- Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.
- Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.
- Aprendizaxe autónoma dos estudantes.
- Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.
- Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.
- Fomento do interese pola aprendizaxe.
- Uso funcional da lingua.

Entre as estratexias didácticas que consideramos fundamentais encóntranse:

- A lectura
- A detección de ideas previas
- As explicacións sobre os contidos
- As aplicacións prácticas dos saberes e as habilidades
- A aplicación de técnicas de estudo
- A análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas
- A investigación lingüística e literaria
- A construción de ideas novas e xuízos críticos.

Para levalas a cabo, utilizaranse actividades de diversos tipos que responden a diferentes enfoques, formas de aprendizaxe e niveis de complexidade, individuais ou de grupo, asociadas ou non a técnicas determinadas e en función dos campos traballados da lingua e da literatura: actividades de identificación, de relación, de clasificación, de organización, de estruturación, de síntese, de análise indutiva e deductiva, de lectura, de comentario, de escritura, de chuvia de ideas, de diálogo e debate, de reflexión, de contextualización, de busca de información, de investigación, etc.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Libro de texto Lingua Galega e Literatura da editorial Anaya (2023) |
| Aula Virtual  |
| Libros de lectura   |

## Acceso a recursos web

Utilizaremos como base o libro de texto Lingua Galega e Literatura da editorial Anaya (2022) e completaremos ou ampliaremos a información a través de fotocopias entregadas na aula ou de fichas ás que poderá acceder o alumnado a través da Aula Virtual. Tamén se utilizarán diferentes páxinas web para este propósito. Así mesmo, o alumnado deberá ler unha obra en cada trimestre dun autor ou autora con repersución na cultura galega.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial proporcionaranos información que axudará a regular e reaxustar os procesos de ensino-aprendizaxe. Así, ademais dos datos achegados polas cualificacións do ano anterior, o noso Departamento considera de gran utilidade facer unha avaliación inicial ao comezo de cada curso; deste xeito poderemos axustar mellor o programa establecido ás necesidades do alumnado.

Ao longo das primeiras semanas de clase, o alumnado realizará unha serie de tarefas coa finalidade de obter unha primeira información sobre a situación deste para detectar fortalezas e debilidades e realizar, en consecuencia, os cambios e adaptacións necesarias na programación de aula. Estas tarefas iniciais poden ser de diversa natureza tales como probas sobre os compoñentes gramaticais así como redaccións, comprensións ou probas orais realizadas na clase en grupos ou en parellas.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | UD 9      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>12</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 90        | 90        | 88        | 90        | 90        | 89        | 90        | 90        | 89        | <b>90</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 10        | 10        | 12        | 10        | 10        | 11        | 10        | 10        | 11        | <b>10</b>  |

#### Criterios de cualificación:

Realizaranse dúas probas obxectivas por avaliación que serán cualificadas da seguinte maneira:

- 80% Aplicarase ás probas obxectivas.
- 10% Exame do libro de lectura proposto para cada avaliación.
- 10% Traballo desenvolvido regularmente na aula así como a realización das tarefas diarias encomendadas.

Sobre estas probas escritas efectuarase unha penalización sobre erros ortográficos, léxicos ou gramaticais que non excederá os 1'5 puntos en cada proba.

A nota mínima para superar cada avaliación é de 5 puntos sobre 10.

O Departamento determina para todos os niveis, que haberá penalización para o alumnado que sexa sorprendido copiando, tanto por medios analóxicos como dixitais, durante os exames ou calquera outra proba avaliable (incluso no caso de que as evidencias se produzan despois de ter rematada a proba). A sanción que se establece é a de cualificación negativa (puntuación de 0) na proba en cuestión.

O alumnado que non consiga superar as avaliacións parciais deberá realizar unha proba final que se especifica no apartado seguinte.

Para o alumnado que teña superadas as tres avaliacións parciais, durante o curso, a nota final será a media aritmética das tres avaliacións.

**Criterios de recuperación:**

O alumnado que non teña superada a materia, terá que presentarse a unha proba final que terá lugar durante o mes de xuño. Esta proba realizarase seguindo os seguintes criterios obxectivos:

- O alumnado que teña suspensa unha avaliación non terá que recuperar se a media das tres avaliacións fose 5.
- O alumnado que teña dúas ou tres avaliacións suspensas recuperará toda a materia do curso. Trátase dunha proba global e polo tanto, versará sobre os contidos impartidos ao longo de TODO o curso. Para superar estas probas, cualificadas sobre 10 puntos, é preciso acadar un mínimo de 5 puntos. A nota final neste caso será a adquirida nesta proba única.

**6. Medidas de atención á diversidade**

Educación significa facer o posible para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, ademais, por suposto, de que superen os obxectivos curriculares establecidos. E isto significa ter que lle prestar unha esmerada atención á diversidade do noso alumnado. Está claro que cada persoa é diferente pero sabemos que os/as alumnos/as que precisan un maior esforzo de axuste pedagóxico son aqueles nos que se identificaron necesidades específicas de apoio educativo, que se categorizan nos seguintes grupos:

- o alumnado con necesidades educativas especiais derivadas dunha discapacidade ou dun trastorno grave de conduta;
- o alumnado con altas capacidades intelectuais;
- o alumnado que se integrara de forma tardía no noso sistema educativo;
- o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe;
- o alumnado con necesidades educativas especiais por condicións persoais ou de historia escolar.

A discapacidade pode ser de tipo físico (sensorial ou motórica), intelectual ou estar relacionada cun trastorno da linguaxe. No primeiro caso, asóciase normalmente a un déficit significativo no aparato visual, auditivo e/ou motórico. Adecuarase o proceso de aprendizaxe ás peculiaridades do

alumno

Nos casos da discapacidade intelectual e dos trastornos, o/a profesor/a enfróntase a un problema totalmente diferente pois como norma xeral o/a alumno/a precisará unha adaptación curricular significativa dos obxectivos e dos contidos, e proceder a unha avaliación en consonancia. En concreto para os alumnos cun TEL (Trastorno Específico da Linguaxe). Para todos/as estes/as alumnos/as, as decisións sobre o seu itinerario académico deberán ser meditadas lentamente, en coordinación co Departamento de Orientación, posto que non será infrecuente que algúns/nhas se afasten da consecución das competencias que se estipulan para o curso.

Por trastorno de conduta enténdese esencial, aínda que non unicamente, o relacionado co Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade. En todos os casos o/a profesor/a deberá adoptar medidas ordinarias que compensen dalgún xeito as dificultades deste tipo de alumnado. De xeito breve, cabe mencionar: equilibrar unha adecuada rutina da clase cunha didáctica novidosa e motivadora, coidar a localización do alumno, reforzar os éxitos, valorar o esforzo por encima dos resultados (coidando así a súa autoestima e a súa motivación), modificar as ferramentas de avaliación, etc. Se non existe desfase, non se deberán modificar os obxectivos. No caso de que exista desfase valorarase a posibilidade de realizar adaptacións do currículo, tendo sempre presente as competencias a alcanzar para poder promocionar e/ou titular.

Canto aos/ás alumnos/as con altas capacidades intelectuais, o principal problema destes adoita ser a desmotivación, froito da sensación de aburrimiento que supón afrontar actividades sobre aprendizaxes que xa teñen conseguidas. A tarefa do/a profesor/a consiste en implementar estratexias didácticas adecuadas (p.e., facilitar que lideren traballos en equipo ou permitir que participen nalgunhas explicacións como alumnos/as-axudantes) e en ofrecer actividades que supoñan un reto ao/á alumno/a (actividades de ampliación ou enriquecemento, voluntarias ou non).

Alumnos/as con dificultades específicas de aprendizaxe e alumnos/as con

necesidades educativas especiais por condicións persoais ou de historia escolar. Este campo foi recentemente incorporado á lexislación vixente e dá pé a diferentes interpretacións. O Departamento de Orientación deberá determinar os/as alumnos/as que se recollen baixo este epígrafe (p.e., alumnos/as con epilepsia que incida negativamente na súa aprendizaxe) e determinar así mesmo a liña da intervención educativa.

Tendo este abano de posibilidades presente, hai que presentar os contidos dun modo atractivo e estimulante co obxecto de atender á diversidade. Os cursos atéñense a unha estrutura cíclica que lles permite ao alumnado ampliar os seus coñecementos en base ao que xa saben e afondar máis nas áreas culturais ou lingüísticas novas ou de maior complexidade. Á súa vez, o complexo procedemento de avaliación contén criterios xerais que se deben elaborar e adaptar para cada grupo, establecendo obxectivos concretos, segundo o contexto do centro, o profesor e a clase. O profesorado dispón de distintos instrumentos de avaliación e habilidades, así como de tarefas concretas. Ademais, é necesario establecer os contidos mínimos segundo as necesidades, capacidades e ritmo ao que aprende o noso alumnado.

É máis, para poder ocuparnos das necesidades educativas con éxito hai que fixarse nas actividades, materiais e recursos dos que dispoñemos. A gran maioría das actividades mencionadas pódense utilizar de modo personalizado e son abertas de modo que cada alumno pode responder de forma diferente, segundo a súa capacidade.

Cada alumno/a necesitará unha cantidade de tempo determinada para a realización de tarefas que dependerá en maior ou menor grao da súa motivación. A maioría das actividades están pensadas para realizar na aula, pero tamén se poden mandar de tarefas para a casa a modo de reforzo. O mesmo material e/ou recursos se poden utilizar como apoio ou como ampliación, é dicir, cámbiase o obxectivo segundo corresponda. Por exemplo, unha sinxela pregunta sobre un texto pode servir de reforzo para o alumnado menos avanzados, pero tamén pode actuar como inspiración nunha actividade de ampliación na que se lles pida que pensen noutras palabras.



Recoméndase que o/a profesor/a aproveite as habilidades do alumnado de todas as formas que se lle ocorran. Pode suceder que un/ha alumno/a que detesta falar goce escribindo vocabulario no encerado, mentres que a outros se lles dea ben debuxar ou confeccionar pósters.

Outro factor crucial é a metodoloxía que segue o/a profesor/a co seu grupo en particular e, máis concretamente, co alumnado que ten dificultades de aprendizaxe. O máis importante con calquera tipo de tarefa é asegurarse de que se levaron a cabo unha correcta preparación previa, que os/as alumnos/as saben todas as palabras que van necesitar e que comprenden a finalidade da actividade. Se se lles dota coas ferramentas lingüísticas adecuadas que lles permitan realizar a actividade con éxito, teremos garantías de que a todos/asa lles resulta suficientemente, esixente e interesante. Sen a preparación necesaria, os/as alumnos/as poden sufrir unha experiencia de aprendizaxe negativa, o que os/as levará a perder confianza e a sentirse frustrados cunha actividade que esixe un grao de habilidade que non teñen.

Como se dixo anteriormente, a avaliación e a estimulación son cruciais para o alumnado, pero máis para aqueles que teñen NEAE. Ao realizar unha actividade, deben ser dirixidos para que atopen as respostas correctas en vez de facilitárllelas. Así, estes/as sentiranse satisfeitos ao encontrar a resposta correcta. Cada vez que un/ha alumno/a calquera cometa un erro, hai que insistir en que cometer erros é parte do proceso de aprendizaxe e que non deben sentir vergoña por equivocarse.

Non hai que esquecer que o repaso constante é outra parte importante do proceso de aprendizaxe que axudará en gran medida aos/ás alumnos/as con necesidades especiais, así como ao resto do grupo. A ensinanza do noso idioma baséase nun sistema de repaso continuo, con diferentes xogos e técnicas para repasar o vocabulario estudado en cada unidade.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora                          | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral                               | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento                                | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres             | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación cívica e constitucional            | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Prevención da violencia de xénero            | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Igualdade de trato e non discriminación      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Traballo en equipo                          | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|   | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - Comprensión lectora                          | X    |
| ET.2 - Expresión oral                               | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                     | X    |
| ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación | X    |
| ET.5 - Emprendemento                                | X    |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres             | X    |
| ET.7 - Educación cívica e constitucional            | X    |
| ET.8 - Prevención da violencia de xénero            | X    |
| ET.9 - Igualdade de trato e non discriminación      | X    |

|                            |      |
|----------------------------|------|
|                            | UD 9 |
| ET.10 - Traballo en equipo | X    |

### Observacións:

Entendemos por elementos transversais aquelas engrenaxes que proporcionan carácter moral ao currículo. Non se trata de algo característico dunha materia, senón que é común a todas elas, por iso falamos de transversalidade curricular. Cumpren unha función moi importante no desenvolvemento persoal e completo do alumnado, xa que a través da reflexión destes contidos tan estreitamente vinculados coa súa contorna social, adoptarán a súa propia postura que contribuirá a facer deles e delas, cidadáns e cidadás máis respectuosos e sensibilizados co mundo que os rodea. A relevancia deste apartado queda reflectida na Resolución do 29 de maio de 2019, na que se indica que nas programacións didácticas concretaranse «os elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda» (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, 2019, p. 27965).

Tamén se terá en conta no desenvolvemento da materia o Proxecto Lector, o Plan TIC e o Plan de Convivencia.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Visualización de obras xa clásicas do cinema galego e en galego. | Esta actividade será realizada na Aula Multimedia permitirá apreciar e valorar épocas históricas descoñecidas para o alumnado. Destacamos de maneira moi positiva a visualización de películas como: A esmorga, O lapis do carpinteiro, A lingua das bolboretas, Sempre Xonxa, Esperanza, Vilamor, Mamá Asunción... O obxectivo fundamental desta actividade é que o alumnado valore o propio desde unha perspectiva lingüística e literaria. |          | X        | X        |
| Asistencia á Semana Internacional de Outono de Teatro.           | Esta actividade consistirá na asistencia a polo menos unha obra das representadas no FIOT, segundo a oferta dos organizadores.  | X        |          |          |
| Día da biblioteca escolar.                                       | Colaboremos co equipo da biblioteca nas actividades propostas por este para conmemorar este día.  | X        |          |          |
| Día internacional pola non violencia contra a muller.            | En colaboración cos diferentes departamentos, coa biblioteca e co EDLG, colaboraremos nas actividades propostas para conmemorar este día.   | X        |          |          |
| Mes da Ciencia nas bibliotecas escolares.                        | En colaboración cos departamentos de ciencias, coa biblioteca e co EDLG, colaboraremos nas actividades propostas para conmemorar este mes, así como coas propostas do departamento de Bioloxía relacionadas coa horta do centro.  | X        |          |          |
| Día escolar da non violencia e a paz.                            | En colaboración cos diferentes departamentos, coa biblioteca e co EDLG, colaboraremos nas actividades propostas para conmemorar este día.   |          | X        |          |
| Día Internacional da muller.                                     | En colaboración cos diferentes departamentos, coa biblioteca e co EDLG, colaboraremos nas actividades propostas para conmemorar este día.   |          | X        |          |

| Actividade              | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-------------------------|--|----------|----------|----------|
| Celebración do Samaín   | En colaboración co departamento de música, da biblioteca e do EDLG, colaboraremos coas actividades propostas para conmemorar este día. | X        |          |          |
| Día das Letras Galegas. | Axudaremos, en colaboración coa biblioteca e o EDLG, a homenaxear as cantareiras e a poesía popular nas Letras Galegas 2025.           |          |          | X        |

#### Observacións:

Durante este curso académico procurarase a realización de actividades complementarias, que poderían axudar a que o alumnado comprenda mellor todos os aspectos relacionados coa cultura galega en xeral. Na medida do posible, trataremos de organizar algunhas que serán voluntarias e non avaliábeis.

O departamento ten moito interese en manter unha liña de traballo conxunta con outros departamentos polo que durante este curso continuaremos a realizar todas aquelas que sexa posible en colaboración especial co EDL e a Biblioteca. A nosa intención é que este tipo de cooperación caracterice a nosa liña de traballo nos vindeiros cursos.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.                            |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación.   |
| Metodoloxía empregada  |
| Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.                 |
| Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.   |
| Dáse un peso real á observación do traballo na aula.   |
| Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.                   |
| Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.                              |
| Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.                        |
| Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.                  |
| Poténcianse estratexias de animación á lectura.  |
| Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.                 |
| Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.                                      |
| Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.                       |

|   |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos  |
| Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.                                       |
| Combínase o traballo individual e en equipo.  |
| Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.  |
| Medidas de atención á diversidade   |
| Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.  |
| Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.  |
| Elabóranse actividades atendendo á diversidade  |
| Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.  |
| Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.  |
| Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.  |
| As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.  |
| Clima de traballo na aula   |
| Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. |
| Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.                                    |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais                                    |
| Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.   |
| Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.   |
| Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.   |

### Descrición:

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta os seguintes aspectos:

- Coordinación do grupo de alumnado.
- Planificación das tarefas: dotación de medios e tempos e distribución dos mesmos.
- Ambiente de traballo e participación do alumnado.
- Selección do xeito de elaboración de actividades.

Teranse en conta os seguintes indicadores co fin de establecer unha avaliación de todo o proceso:

- Relación entre obxectivos e estándares de aprendizaxe.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.
- Relación entre os contidos esixidos e as actividades de avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Non se pode contemplar unicamente a avaliación do alumnado, senón que tamén hai que atender á avaliación da programación didáctica para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

A programación didáctica avaliarase como mínimo, unha vez ao mes polo departamento didáctico, antes do inicio de curso, ao remate de cada trimestre e ao final de curso. A finalidade é corrixir determinadas desviacións, como, por exemplo, aumentar ou diminuír o número de sesións establecidas para cada unidade didáctica, modificar a metodoloxía de ensinanza, axustar os graos mínimos para cada estándar, etc. Para facer a avaliación da programación didáctica empregaranse os seguintes procedementos: actas e reunións do Departamento, reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunións co delegado/a, apuntamentos no caderno da profesora e instrumentos como listas de control numéricas ou escalas con indicadores de logro completadas pola propia profesora (autoavaliación).

Ao finalizar o curso, a dirección do centro entregará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa unha copia da memoria na que se recollen diferentes aspectos que teñen que ver coa programación, a valoración dos resultados académicos obtidos polo alumnado, o grao de cumprimento da programación e cantos outros aspectos se considere necesario mencionar, xa que constituirán o punto de partida para o curso seguinte.

Ademais da avaliación anteriormente mencionada, cabe sinalar a avaliación da práctica docente, que se realizará simultaneamente xunto coa avaliación da programación didáctica.

Ademais, este tipo de avaliación realizarase ao final de cada trimestre e ao final de curso. Para facer a avaliación da docencia e do proceso de ensino empregaranse os seguintes instrumentos: actas e reunións do departamento, reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica ou reunións co delegado/a

Á parte disto, autoavaliarémonos cunha escala con indicadores de logro ao

rematar cada unidade.

## 9. Outros apartados